

Literatura e plástica nun bestiario formidable

Ramón Nicolás

Vítor Vaqueiro e Ánxel Huete concibiron este volume no que se fai unha escolla acadúa deses seres fantásticos (de ananos a sereas e demiños) do noso imaxinario

12 de abril de 2026

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/fugas/2026/04/10/literatura-plastica-nun-bestiaro-formidable/0003_202604SF10P4992.htm

Vítor Vaqueiro e Ánxel Huete concibiron este proxecto común onde a palabra dialoga e se vivifica con imaxes ben pouco convencionais do pintor abstracto, que aquí realiza unha interpretación de inspiración simbólica e pictogramática. O mundo da plástica e o da literatura son operativos, así pois, para internarse con pulso propio nese universo vizoso dos bestiarios que foi transitada nunha diversidade de xéneros na nosa tradición literaria, alén da súa abondosa presenza na literatura infanto-xuvenil e de filiación popular, en voces como son as de Nacho Taibo, Antonio M. Fraga, Carlos L. Bernárdez e X. R. Mariño Ferro, o equipo conformado por **Cuba, Miranda e Reigosa, Miguel Anxo Murado, Raquel Castro ou Martiño Suárez** entre outras, incluída a do propio Álvaro Cunqueiro que chegara a deixarnos un esquecido *Diccionario manual de bestias marinas*, recuperado no seu día por Antón Capelán, e unha sección dedicada «ao mundo e á fauna máxica» na súa *Escola de menciñeiros* (1960), se cadra influído —quen sabe— polo borgiano *Manual de zoología fantástica* (1957).

Arestora, velaquí un volume, especialmente tratado no ámbito da edición polo selo Néspera, no que Vaqueiro, autor por certo tanto dunha célebre e fantástica *Guía da Galiza máxica*, mítica e lendaria como dunha lembrada *Mitología de Galiza*, fai unha escolla acaída e representativa destes seres fantásticos —dos ananos á estadea ou dos demiños ás serea— que percorren o noso país de **Cartelle a Moaña, de Crecente á Limia ou do Pico Sacro a Castro Caldelas** entre outros lugares, sen esquecer a vontade de subliñar os paralelismos —se os hai— con outros seres en culturas máis ou menos próximas e, ao mesmo tempo, facelo nunha prosa dominada polo criterio da contención expresiva para salientar os trazos máis singulares de cada un dos seres aquí recolleitos sen afastarse nunca da tradición popular: seres fabulosos, abofé que si, que nunca desaparecen e que volven, unha e outra vez, a aparecer entre nós para non esquecermos que forman parte dun imaxinario colectivo, nesta ocasión reinterpretado con fortuna e que, dalgún xeito, persegue tamén evidenciar a visión dun mundo: o noso mundo.